



CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)
Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005
servizos.sociais@tordoia.gal

BANDO

Dona **INÉS SANTOS PEREIRO**, alcaldesa en funcións
do Concello de **TORDOIA** (A Coruña)

FAI SABER

Que pola Orde do 14 de marzo de 2018, da Consellería de Infraestructuras e Vivenda, se aproban as bases reguladoras das subvencións do **Programa de instalación de ascensores e outros dispositivos de accesibilidade** en edificios de tipoloxía residencial colectiva, nas súas vivendas dúplex e en vivendas unifamiliares, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, con carácter plurianual (DOG nº 60 do 26/3/2018)

Actuacións subvencionables: A instalación de ascensores, de elevadores, de salvaescaleiras e demais dispositivos de accesibilidade en edificios de tipoloxía residencial colectiva, nas súas vivendas dúplex e en vivendas unifamiliares que carezan deles. O **prazo de execución** das actuacións non poderá ser superior a **doce meses**, contados **desde** o día seguinte ao da notificación da **resolución** de concesión.

Persoas beneficiarias: As comunidades de persoas propietarias, as persoas físicas propietarias únicas de edificios de vivendas, as persoas físicas propietarias dun dúplex nun edificio de tipoloxía residencial colectiva e as persoas físicas propietarias dunha vivenda unifamiliar. Considerarase como persoa propietaria única do edificio a persoa física titular do pleno dominio do edificio. As persoas propietarias de dúplex ou de vivendas familiares deberán residir na vivenda para a que se solicita a subvención, o que se acreditará co certificado de empadramento.

Contía das subvencións: A contía será en tódolos casos do 60% do gasto subvencionable, sen que poida exceder dos seguintes límites: **Para as edificacións e vivendas que non estean situadas en ámbitos históricos e dos camiños de Santiago:**

- Vivendas unifamiliares e dúplex: 2.500 €.
- Edificios de tipoloxía residencial colectiva con 8 vivendas ou menos: 25.000 €.
- Edificios de tipoloxía residencial colectiva con máis de 8 vivendas: 18.000€.

Cando a actuación consista na instalación dun salvaescaleiras: 1.000 €, en caso de salvaescaleiras de cadeira, e os 2.000 €, en caso de salvaescaleiras de plataforma

Lugar de presentación: <https://sede.xunta.gal> ou no IGVS.

Prazo de presentación: ate o **30 de maio de 2018** e, en todo caso, no momento do esgotamento do crédito orzamentario, o que será publicado no DOG.

Tordoia , a 16 de abril de 2018

A alcaldesa

